- A parte correspondente a gastos correntes (capítulos 1 a 4), con maiores ingresos sobre orzamento inicial recibidos da AGE compensando a "liquidación negativa" pendente de 2020.
- A parte correspondente a investimentos (capítulos 6 a 8), con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:



CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420,90	TRANSFERENCIAS AGE, COMPENSACIÓN LIQUIDACIÓN NEGATIVA 2020, (Maiores ingresos sobre orzamento inicial)	358.514,92 €
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	418.120,00 €
	Total Ingresos...	776.634,92 €

2. Suplementos de Crédito “SUP. 02/24”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _C. P. FELIPE	484.793,75 €
233-2310-480,02	A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _XUVENTUDE E R. DEMOGRÁFICO [Asociación estudiantil CES UVIGO]	6.500,00 €
233-2310-789,01	A FAMILIAS E ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _XUVENTUDE E R. DEMOGRÁFICO [Asociación estudiantil UVIGO Space Lab]	10.000,00 €
330-3340-489,05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAI _CULTURA (Sub. Nominativas a Asociacións e Federacións)	132.000,00 €
333-3330-226,06	REUNIÓN, CONFERENCIAS E CURSOS _MUSEO (Congreso Numismática)	30.000,00 €
333-3330-631,01	TERREOS E BENS NATURAI _MUSEO (Adquisición parcela acceso Santa Clara)	121.500,00 €
333-3340-223,00	TRANSPORTES _MUSEO (Transporte de exposicións temporais)	45.000,00 €
333-3341-226,99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS _MUSEO (Bienal)	20.000,00 €
333-3341-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS _MUSEO (Bienal)	60.000,00 €
340-3410-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA, PATROCINIOS DEPORTIVOS _DEPORTES	927.000,00 €
340-3410-489,02	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ACTIVIDADES DEPORTIVAS _DEPORTES	74.000,00 €
410-1720-227,07	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, OUTROS SERVIZOS _M. AMBIENTE [Certificación proceso de cálculo da pegada de carbono da Deputación de Pontevedra (auditoría e certificación) ISO 14064]	18.000,00 €
410-4120-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, OUTROS SERVIZOS MOURISCAD _M. AMBIENTE (acreditados do sistema de calidade segundo a norma UNE-EN ISO 17025:2017)	25.000,00 €
410-4120-622,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS _MOURISCAD _M. AMBIENTE (Barra de seguridade nos silos da gandería)	5.000,00 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
410-4120-623,01	MAQUINARIA, INST. E UTILLAXE_MOURISCADE_M. AMBIENTE (dous dixestores para a análise de proteína; Melloras no sistema de detección incendio: Grupo electrógeno)	65.000,00 €
433-3360-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS_TURISMO	30.000,00 €
433-3361-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, XACEMENTOS_TURISMO	20.000,00 €
433-4320-226,20	GASTOS DE PROMOCIÓN_TURISMO	150.000,00 €
433-4320-226,23	FOMENTO DO TURISMO, FESTIVAIS_TURISMO	18.000,00 €
433-4320-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS,TURISMO	20.000,00 €
433-4320-489,01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ACTIVIDADES TURISTICAS_TURISMO [Asociación cultural del BAR)	9.600,00 €
456-4530-213,00	REPARACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE MAQUINARIA)_ INFRAESTRUTURAS	30.000,00 €
456-4530-214,00	REPARACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE)_ INFRAESTRUTURAS	30.000,00 €
456-4530-612,01	SEGURANZA VIARIA,MELLORA SINALIZACIÓN _INFRAESTRUTURAS (Conservación de firmes)	4.700.000,00 €
456-4530-612,02	INVESTIMENTOS. CONVENIOS EN ESTRADAS_INFRAESTRUTURAS (Convenios con concellos para estradas provinciais)	8.000.000,00 €
457-4500-632,02	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN MELLORAS_ARQUITECTURA [Conservación e mellora da cuberta do Pazo Provincial na zona do lucernario suroeste: 95.000€; Conservación e mellora da cuberta do Pazo Provincial na zona do lucernario suroeste: 46.000€)	141.000,00 €
921-9200-226,04	GASTOS XURÍDICOS E CONTENCIOSO _RRHH	30.000,00 €
921-9200-23202	ASISTENCIAS A TRIBUNAIS DE OPOSICIÓN _RRHH	30.000,00 €
923-1623-227,07	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, SERVIZOS COMPOSTAXE _SAIM, (Servizo seguimento compostaxe)	200.000,00 €
923-1705-227,07	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS (CAAN)_SAIM (Ampliación do servizo de esterilización de gatos de colonias felinas).	125.000,00 €
924-9200-226,20	GASTOS DE PROMOCIÓN _ COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Patrocinio Feira NAVALIA)	10.000,00 €
926-9260-206,00	ARRENDAMENTO DE EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN _NNTT [Arrendamento de equipos e programas 2024)]	50.000,00 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
926-9260-227,06	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS_NNTT [SMART PEME (Anualidade 2024)]	400.000,00 €
926-9260-626,01	EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN, ADQUISICIÓN _NNTT	75.000,00 €
926-9260-641,00	ADQUISICIÓN DE APLICACIÓN S INFORMÁTICAS _NNTT	20.000,00 €
942-4252-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS_COOPERACIÓN (PROX. 2400003 P. Pontevedra enerxía c. limpa)	141.500,00 €
942-4590-226,06	XORNADAS, CONFERENCIAS E CURSOS, "ACCIÓN COMUNITARIA" _ COOPERACIÓN	50.000,00 €
942-4590-789,07	A COMUNIDADES VECIÑAIS (PAC)_COOPERACIÓN (Ampliación Plan Provincia Comunitaria e + Aqua 2024)	1.200.000,00 €
942-9420-762,75	A CONCELLOS, PROGRAMAS REACPOM_COOPERACIÓN [Liquidación obra REACPOM_05765 A ILLA "Recuperación Praza do Regueiro..." (financiada con sobrantes do RINF_23_05765 A ILLA ao recibir subv do IDAE)]	45.341,97 €
	Total Suplementos de Créditos...	17.549.235,72 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 02/24:

A) O proxecto REACPOM_05765 A ILLA "Recuperación Praza do Regueiro...", a liquidación da obra pendente, finánciase con sobrantes do RINF_23_05765 A ILLA ao recibir subvención do IDAE, por importe de 45.341,97€. O suplemento no Centro Xestor Príncipe Felipe na aplicación de "Edificios e outras construcións, melloras", finánciase con cargo a baixas das aplicacións incorporadas ao Centro Xestor de exercicios anteriores para os proxectos: 2020035799 "Substitución de celosías e carpinterías de aluminio no núcleo de escaleiras no Centro Infanto-Xuvenil Escola Fogar" e 2021004064, "Substitución das escaleiras de emerxencia no Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar".

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-632,03/2021	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN S, MELLORAS _C. P. FELIPE (BAIXA PROX. 2020035799, Substitución de celosías e carpinterías de aluminio no núcleo de escaleiras no Centro Infanto-Xuvenil Escola Fogar")	-104.445,44 €



232-2312-632,03/2020	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _C. P. FELIPE (Baixa Prox. 2021004064, “Substitución das escaleiras de emerxencia no Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar”).	-172.520,56 €
232-2312-632,03/2021	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _C. P. FELIPE (Baixa Prox. 2021004064, “Substitución das escaleiras de emerxencia no Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar”).	-98.483,08 €
232-2312-632,03/2022	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _C. P. FELIPE (Baixa Prox. 2021004064, “Substitución das escaleiras de emerxencia no Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar”).	-56.820,23 €
232-2312-632,03/2023	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _C. P. FELIPE (Baixa Prox. 2021004064, “Substitución das escaleiras de emerxencia no Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar”).	-52.524,44 €
942-9420-762,25/2023	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS CONVENIO COA ILLA DE AROUSA _COOPERACIÓN [SOBRANTE RINF_23_05765 A ILLA, ao recibir subv. do IDAE]	-45.341,97 €
	Total Baixas por Anulacións...	-530.135,72 €

B) O resto dos Suplementos de Créditos fináncianse:

- A parte correspondente a gastos correntes (capítulos 1 a 4) con maiores ingresos sobre orzamento inicial recibidos da AGE compensando a “liquidación negativa” pendente de 2020.
- A parte correspondente a investimentos (capítulos 6 e 7) con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420,90	TRANSFERENCIAS AGE, COMPENSACIÓN LIQUIDACIÓN NEGATIVA 2020, (Maiores ingresos sobre orzamento inicial)	2.681.600,00 €
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito...	14.337.500,00 €
	TOTAL...	17.019.100,00 €

Resumo do expediente:



TOTAL SUPLEMENTOS...	17.549.235,72 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	869.671,95 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-566.813,71 €
SUMA...	17.852.093,96 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

Capítulo 1º	Gastos de persoal	27.764,92 €
Capítulo 2º	Gastos en bens correntes e servizos	2.459.500,00 €
Capítulo 3º	Gastos financeiros	0,00 €
Capítulo 4º	Transferencias correntes	552.850,00 €
Capítulo 5º	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €
Capítulo 6º	Investimentos reais	13.479.500,00 €
Capítulo 7º	Transferencia de capital	1.331.359,04 €
Capítulo 8º	Activos financeiros	1.120,00 €
Capítulo 9º	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...		17.852.093,96 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:

233- XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO

APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
233-2310-480,02	A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _XUVENTUDE E R. DEMOGRÁFICO	178.500,00 €	
G098195533,	Asociación estudiantil CES UVIGO (Clean Energy Ship)	6.500 €	Participación en Mónaco na regata solar "Mónaco Energy Boat Challenge (MEBC) "
233-2310-789,01	A FAMILIAS E ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _XUVENTUDE E R. DEMOGRÁFICO	110.000,00 €	
G02759801	Asociación estudiantil UVIGO Space Lab	10.000 €	Compra da antena do satélite xunto co equipamento, proxecto BIXO (experimento biolóxico na órbita baixa terrestre, estudar os efectos da



			exposición prolongada ao ambiente espacial de microorganismos vivos)
233-2310-479,01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES DE XUVENTUDE	8.000,00 €	
B56753486	Imaxinaria Creacións	8.000 €	proxecto: "Afluente Vestivasl"

240- FOMENTO DE EMPREGO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
240-2410-489.06	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO _FOMENTO DE EMPREGO	15.000,00 €	
G09731274	Asociación para o Emprendemento e a Innovación: Pont Up Store	15.000 €	Pont Up Store

330- CULTURA

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
330-3340-489,05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAI CULTURA	985.500,00 €	
G-27838747	Federación rondallas da área Metropolitana de Vigo	10.000 €	Concurso de Rondallas
V-15038458	Federación de libeiros de Galicia	5.000,00 €	Feiras do libro da provincia 2024
G-94151966	Asociación Cultural Músicas do Minho (MUMI)	15.000 €	Feiras do Minho 2024
G-36622116	Amigos de la ópera Vigo	30.000,00 €	Outono lírico
G-70759667	Asoc. Xornadas Etnográficas do Morrazo	6.000 €	Xornadas Etnográficas
G-94175726	Asoc. Gaming Troop	5.000 €	III Edición Lérez Up
G-27804632	Asoc. Palilleiras de Mos	6.000,00 €	Encontro Palilleiras
F36608131	Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, ARVI	55.000 €	FESTIVAL DO MAR DE VIGO-SEAFEST 2024
330-3340-479,01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES CULTURAI	34.000,00 €	
B-85743144	Evernia Media	25.000 €	A Rapa (The Last Wild Horses)
A-36108900	Bodegas Terras Gauda,	9.000 €	Festival de cartelismo Terras Gauda



330-3340-450,05	A COMUNIDADES AUTÓNOMAS, XUNTA DE GALICIA_ CULTURA	2.500,00 €	
S1511001H	A XUNTA DE GALICIA	2.500 €	(Premio Nélida Piñón)

340-DEPORTES

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
340-3410-489,02	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ACTIVIDADES DEPORTIVAS_ DEPORTES	1.025.500,00 €	
Q8255003I e G36975787	FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO e AMF Sport SD	14.000 €	Volante Deputación de Pontevedra 2024
340-3410-779,02	A ENTIDADES DEPORTIVAS, INVESTIMENTOS MELLORAS_ DEPORTES E	47.000,00 €	
A36029577	PONTEVEDRA C.F.	47.000 €	Mellora no terreo de xogo do estadio Pasarón - Pontevedra C.F.

410- MEDIO AMBIENTE

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
410-1720-652,02	A UNIVERSIDADES_ MEDIO AMBIENTE	80.000,00 €	
Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	80.000 €	Convenio coa UVI, proxecto "Persoal Investigador"
410-4120-489,01	ACHEGAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_ MEDIO AMBIENTE.	3.000,00 €	
G15277429	ASOCIACIÓN GALEGA DE FABRICANTES DE PENSOS COMPOSTOS (AGAFAC)	3.000 €	XIII Foro Galis 2024, relativo á difusión do sistema de control sectorial máis avanzado de España en pensos compostos
410-4190-789,02	A ENTIDES SEN FINS DE LUCRO, AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA _MEDIO AMBIENTE	18.000,00 €	
Q8655621D	Consello Regulador D.O. Mexillón de Galicia	18.000 €	Proxecto de mellora e ampliación das capacidades de



			control das instalación
--	--	--	-------------------------

433- TURISMO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
433-4320-489,01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ACTIVIDADES TURÍSTICAS	245.600,00 €	
G94196805	ASOCIACIÓN CULTURAL DEL BAR	9.600,00 €	Actividades aula Castes e Castes RULES

**942-
COOPERACIÓN**

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
942-3260-453,94	ACHEGAS A UNIVERSIDADES (UVIGO)_COOPERACIÓN	55.000,00 €	
Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	55.000 €	proxecto "Campus Crea"
942-2410-453,94	ACHEGAS, CONVENIOS COAS UNIVERSIDADES (UVIGO)_FOMENTO DE EMPREGO	30.000,00 €	
Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	30.000 €	proxecto: "Universidade _Empresa"
942-9431-489,01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP. TRANSFRONTEIRIZA _COOPERACIÓN	103.250,00 €	
G36741049	Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)	13.500 €	Tecer pontes co mundo, construír pontes de lusofonía
G94164167	Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais O Pueiro	11.500 €	A Rosegha unindo pobos
G36688422	Orquesta Clásica de Vigo.	19.750 €	Concertos ás beiras do Miño
G36690832	Federación Galega de Balonmán	13.500 €	"I Torneo transfronteirizo de balonmán do río Minho"
G-94076437	Xuventudes Musicais Eixo Atlántico	30.000 €	"Concerto de Jorge Palma e a Orquestra transfronteiriza"
G-36350015	Asociación Cultural e Socio- pedagóxica Ponte nas Ondas (PNO)	15.000 €	Obradoiros de radio e podcasts e celebración do Día Internacional do Patrimonio Mundial



Onde se
establecía:

240- FOMENTO DE EMPREGO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
240-2410-453,94	ACHEGAS EN CONVENIOS CON UNIVERSIDADES	3.500,00 €	
Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	3.500 €	Formación para empresas sobre capitación de Fondos Europeos

Modifícase polo seguinte:

240- FOMENTO DE EMPREGO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
240-2410-453,94	ACHEGAS EN CONVENIOS CON UNIVERSIDADES	3.500,00 €	
Q1518001A	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO	3.500 €	Estímulo del talento matemático (ESTALMAT), {participan as 4 Deputacións)

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 02/2024 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/24), por importe de 869.671,95 euros e suplementos de créditos (SUP.02/24) por importe de 17.549.235,72 euros máis as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 02/2024, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

6.8200.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE**



**MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2024
DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA
INCENDIOS E SALVAMENTO (EXPTES. 2024031935-
2024028605)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVkJNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=2132>

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento na sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de abril de 2024 adoptou o acordo de aprobar o expediente de modificación de créditos número 1/2024, que inclúe suplementos de créditos (nº 1/2024), por importe de 279.000,00 euros, e créditos extraordinarios (nº 1/2024), por importe de 2.496.000,00 euros, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da liquidación do orzamento correspondente ó exercicio económico 2023, calculados ó abeiro do artigo 101 a 104 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril e o SEC 2010, de acordo co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2024

CAPÍTULO II

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.22104	30.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	VESTIARIO PARQUES
1360.22199	30.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	MATERIAL FUNXIBLE DE INTERVENCIÓNS
1360.22706	60.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS
1360.22799	5.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	TRABALLOS EMPRESAS E PROFESIONAIS
TOTAL	125.000,00 €		

1. CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.623.00	154.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO NOVO EN



		MAQUINARIA, INSTALACIONES TÉCNICAS E UTILLAXE
TOTAL	154.000,00 €	

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2024

2. CAPÍTULO II

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamiento/Aplicación	Fins
933.22706	25.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	ACTUALIZACIÓN INVENTARIO
TOTAL	25.000,00 €		

3. CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamiento/Aplicación	Fins
1360.624.00	2.000.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO NOVO EN VEHÍCULOS
1360.62600	20.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN
1360.62900	255.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	OUTROS INVESTIMENTOS NOVOS ASOCIADOS AO FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DOS SERVICIOS (TRAXES INTERVENCIÓN- BOTELLAS AIRE)
1360.63200	186.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN DE EDIFICIOS (REDACCIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS)
1360.63400	10.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN DE VEHÍCULOS
TOTAL	2.471.000,00 €		

Resultando que a Secretaria-Interventora do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento con data 15 de abril de 2024 emite informe favorable do expediente de modificación de créditos número 1/2024 por importe global de 2.775.000,00 euros que inclúe o suplemento de crédito número 1/2024 por importe global de 279.000,00 euros e o crédito extraordinario número 1/2024 por importe global de 2.496.000,00 euros.



Considerando o disposto no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como nas bases de execución do vixente orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 1/2024 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito número 1/2024 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, por importe global de dous millóns setecentos setenta e cinco mil euros (2.775.000,00 €).

Este expediente inclúe o suplemento de crédito número 1/2024 por importe global de 279.000,00 euros e o crédito extraordinario número 1/2024 por importe global de 2.496.000,00 euros, de acordo co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2024

CAPÍTULO II

Aplicación orzamentaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.22104	30.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	VESTIARIO PARQUES
1360.22199	30.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	MATERIAL FUNXIBLE DE INTERVENCIÓNS
1360.22706	60.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS
1360.22799	5.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	TRABALLOS EMPRESAS E PROFESIONAIS
TOTAL	125.000,00 €		

4. CAPÍTULO VI

Aplicación	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
------------	---------	--------------------------	------



orzamentaria			
1360.623.00	154.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO NOVO EN MAQUINARIA, INSTALACIONES TÉCNICAS E UTILLAXE
TOTAL	154.000,00 €		

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2024

5. CAPITULO II

Aplicación orzamentaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
933.22706	25.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	ACTUALIZACIÓN INVENTARIO
TOTAL	25.000,00 €		

6. CAPITULO VI

Aplicación orzamentaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.624.00	2.000.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO NOVO EN VEHÍCULOS
1360.62600	20.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN
1360.62900	255.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	OUTROS INVESTIMENTOS NOVOS ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVICIOS (TRAXES INTERVENCIÓN-BOTELLAS AIRE)
1360.63200	186.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN DE EDIFICIOS (REDACCIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS)
1360.63400	10.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN DE VEHÍCULOS
TOTAL	2.471.000,00 €		

Este expediente de modificación de créditos número 1/2024, por global de dous millóns setecentos setenta e cinco mil euros (2.775.000,00 €), que inclúe o suplemento de crédito número 1/2024 por importe global de 279.000,00 euros e o crédito extraordinario número 1/2024 por importe global de 2.496.000,00 euros, finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, obtido da liquidación do orzamento do Consorcio



Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento correspondente ao exercicio económico 2023.

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 1/2024 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

De acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, durante o prazo de exposición pública, publicaranse na páxina web “www.depo.gal”, a través do enlace correspondente a documentos expostos a información pública <https://www.depo.gal/transparencia/informacion-xuridica-e-patrimonial/documentos-expostos-a-informacion-publica> as correspondentes memorias xustificativas, informes, e demais documentación que constan no expediente de modificación de créditos número 1/2024 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento.

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2024 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularen reclamacións contra o mesmo.

7.8201.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO CORRESPONDENTE AO ANO 2024 (EXPTES.**



2024031956-2024028611)

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVkJNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=2219>

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento na sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros o seguinte acordo:

1º.- Amortizar a praza de Técnico de Administración Xeral existente no Cadro de Persoal e a creación dunha praza de Técnico en Relacións Laborais, clase superior.

2º.- Modificar a modalidade do exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional no Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, adoptando a recollida na letra b) do punto 1 do artigo 17 dos Estatutos deste Consorcio, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 e adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra.

3º.- Aprobar a modificación do Cadro de persoal laboral, aprobado conxuntamente co orzamento correspondente ao exercicio 2024, polo Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, en sesión extraordinaria e urxente, de data 3 de novembro de 2023, quedando como segue:

APARTADO 1º: Persoal funcionario				
PERSONAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL/ CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	OBSERVACIÓNS
1		ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL (En réxime de acumulación de funcións)		Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter
1.1		SUBESCALA SECRETARIA- INTERVENCIÓN		



A1		SECRETARIO/A- INTERVENTOR/A	1	nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra
2		ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL		
2.1		SUBESCALA TÉCNICA. CLASE SUPERIOR		
A.1	26	TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	
2.2		SUBESCALA ADMINISTRATIVA		
C.1	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	

	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ANUAL	COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE ANUAL
TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	14.261,07	6.111,88
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	9.486,96	4.065,84

APARTADO 2º: Persoal directivo (Contrato de alta dirección celebrado ao abeiro do R.D. 1382 de 1 de agosto)

N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	RETRIBUCIÓNS ANUAIS 2024
1	XERENTE	38.566,40

APARTADO 3º: Persoal laboral fixo

CADRO DE PERSOAL LABORAL DERIVADOS DA INTERNALIZACIÓN DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS 2021.

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS SUBROGADOS
XEFE DE PARQUE	3
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	50



DOS CALES:

PERSOAL LABORAL FIXO POR SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	3 (1)
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20 (2)
BOMBEIRO-CONDUTOR	49 (3)

(1) Un xefe de parque en situación de excedencia forzosa con reserva de posto.

(2) Un xefe de quenda está a desenvolver as funcións de xefe de Parque en O Porriño en substitución do xefe de parque excedente.

(3) Un bombeiro condutor está a desenvolver as funcións de xefe de quenda en O Porriño en substitución do xefe de quenda que se atopa en substitución do xefe de parque.

PERSOAL LABORAL FIXO	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS VACANTES
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1
APARTADO 3º: Persoal laboral temporal	

PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1

Resultando que a Secretaria-Interventora do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento con data 25 de marzo de 2024 emitiu informe proposta sobre a necesidade de modificación de cadro de persoal do Consorcio.

Considerando que conforme ó previsto no artigo 126.3 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.



Considerando que neste sentido, o artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, precisa que a aprobación do cadro de persoal seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de modificación do cadro de persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, co obxecto de introducir os seguintes cambios:

1º.- Amortizar a praza de Técnico de Administración Xeral existente no Cadro de Persoal e a creación dunha praza de Técnico en Relacións Laborais, clase superior.

2º.- Modificar a modalidade do exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional no Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, adoptando a recollida na letra b) do punto 1 do artigo 17 dos Estatutos deste Consorcio, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 e adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra.

3º.- A modificación do cadro de persoal laboral do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, aprobado conxuntamente co orzamento correspondente ao exercicio 2024, quedando como segue:

APARTADO 1º: Persoal funcionario				
PERSONAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL/ CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	OBSERVACIÓNS
		ESCALA HABILITACIÓN		Exercicio de funcións



1		CARÁCTER ESTATAL (En réxime de acumulación de funcións)		reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra
1.1		SUBESCALA SECRETARIA- INTERVENCIÓN		
A1		SECRETARIO/A- INTERVENTOR/A	1	
2		ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL		
2.1		SUBESCALA TÉCNICA. CLASE SUPERIOR		
A.1	26	TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	
2.2		SUBESCALA ADMINISTRATIVA		
C.1	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	

	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ANUAL	COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE ANUAL
TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	14.261,07	6.111,88
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	9.486,96	4.065,84

APARTADO 2º: Persoal directivo (Contrato de alta dirección celebrado ao abeiro do R.D. 1382 de 1 de agosto)

N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	RETRIBUCIÓNS ANUAIS 2024
1	XERENTE	38.566,40



APARTADO 3º: Persoal laboral fixo

CADRO DE PERSOAL LABORAL DERIVADOS DA INTERNALIZACIÓN DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS 2021.

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS SUBROGADOS
XEFE DE PARQUE	3
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	50

DOS CALES:

PERSOAL LABORAL FIXO POR SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	3 (1)
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20 (2)
BOMBEIRO-CONDUTOR	49 (3)

- (1) Un xefe de parque en situación de excedencia forzosa con reserva de posto.
- (2) Un xefe de quenda está a desenvolver as funcións de xefe de Parque en O Porriño en substitución do xefe de parque excedente.
- (3) Un bombeiro condutor está a desenvolver as funcións de xefe de quenda en O Porriño en substitución do xefe de quenda que se atopa en substitución do xefe de parque.

PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS VACANTES
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1
APARTADO 3º: Persoal laboral temporal	

PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1



Segundo: Este expediente de modificación do cadro de persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

De acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, durante o prazo de exposición pública, publicaranse na páxina web “www.depo.gal”, a través do enlace correspondente os documentos expostos a información pública <https://www.depo.gal/transparencia/informacion-xuridica-e-patrimonial/documentos-expostos-a-informacion-publica> as correspondentes memorias xustificativas, informes, e demais documentación que constan no expediente de modificación do cadro de persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento.

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación do cadro de persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

8.8202.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “REHABILITACIÓN E MELLORA ENERXÉTICA DA ANTIGA CASA CONSISTORIAL DE PORTAS” PRESENTADO POLO CONCELLO DE PORTAS AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (EXPTE. 2023030717)**

Acceso ás intervencións:



<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVkJNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=2327>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno provincial na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Portas con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación e mellora enerxética da antiga Casa Consistorial de Portas”, ao abeiro do Programa PON2030.
- O orzamento do investimento ascendía a 207.614,46€ (201.261,96 € de execución de obra e 6.352,50 € de honorarios técnicos) e a subvención concedida a 176.472,29€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 31.142,17€.
- O 14/11/2023 asínase o correspondente convenio de colaboración entre ambas administracións.
- Motivado pola considerable alza de prezos dende o momento da redacción do proxecto inicial, antes de iniciar a fase de contratación, tívose que realizar un reformulado para actualizar as partidas orzamentarias. Na data 03/04/2024 o Concello de Portas presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024022194) un proxecto reformulado no que o orzamento aumenta 23.375,13€ ata o importe de 230.989,59€ (224.637,09€ de execución de obra e 6.352,50€ de honorarios técnicos), xunto coa resolución de alcaldía de aprobación do citado reformulado. Así mesmo, o Concello presenta nesa data a solicitude de subvención de



54.517,30€ ao abeiro do Plan + Provincia 2024 para o financiamento da totalidade da achega municipal (expte. 2024022913).

- Tras o requirimento realizado polo Servizo de Cooperación, na data 30/04/2024 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024028360) un informe do redactor do proxecto e na data 02/05/2024 (núm. rexistro WEB2024028693) presenta o proxecto reformulado emendado.
- O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 08/05/2024.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na data 08/05/2024, acórdase que procede dar a conformidade ao proxecto reformulado presentado, tendo en conta que os cambios introducidos obedecen a unha actualización de prezos, manténdose a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O 09/05/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente.
- O 21/05/2024 o Concello de Portas presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB20240032435) a resolución de alcaldía de aprobación do proxecto reformulado emendado.
- Na data 21/05/2024 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera aceptable o criterio expresado polo órgano xestor e a comisión de persoas expertas sobre que o proxecto reformulado non reduce a calidade do proxecto e que, por tanto, os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- Na data 21/05/2024 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.



- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Portas para a execución da actuación denominada "Rehabilitación e mellora enerxética da antiga Casa Consistorial de Portas" ao abeiro do Programa PON2030.



Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega esta suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.



- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita base, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Portas non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O novo orzamento aumenta en 23.375,13€ ata o importe de 230.989,59€ (224.637,09€ de execución de obra e 6.352,50€ de honorarios técnicos). Segundo o establecido na cláusula quinta do convenio, ao non poder afectar a modificación ao importe máximo da achega da Deputación, o incremento do orzamento deberá financiarse polo Concello, cos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que poida obter. Neste caso o Concello presentou unha solicitude de subvención de 54.517,30€ ao abeiro do Plan + Provincia 2024 para o financiamento da totalidade da achega municipal.

A Comisión de Persoas Expertas informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.



O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrència competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 08/05/2024 (CSV: LS8RIEMHP6GDIDRY), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 09/05/2024 (CSV: 2ODTFYKGB0TT3RRH), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 21/05/2024 (CSV: L9N5PS9V5FZXM7FR) o informe de Intervención de 21/05/2024 (CSV: LGSMOLRWU2JOUCE9) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 24/05/2024 (CSV: DNQ86DQAQD6XRHJE), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico reformulado da actuación “Rehabilitación e mellora enerxética da antiga Casa Consistorial de Portas” presentado polo Concello de Portas ao abeiro do Programa PON2030.
Ao aumentar o orzamento do proxecto e o importe da achega municipal, deberá procederse á sinatura da correspondente addenda ao convenio entre ambas administracións na que se modifique a cláusula segunda de Financiamento.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Portas, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.8203.- **APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÇOS. NOVA GRADA DE GOL (EXPTE. 2024028444)**



Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVvNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=2413>

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo teñen o obxectivo compartido da realización das obras que posibiliten a finalización das actuacións de remodelación e modernización do Estadio municipal de fútbol de Balaídos na cidade de Vigo.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a remodelación do Estadio municipal de fútbol de Balaídos na cidade de Vigo en relación co proxecto “nova grada de Gol”, polo que en data 19/01/2024, con núm. de rexistro 2024000951, e nas datas 20/05/2024 e 21/05/2024 cos núms. de rexistro 2024008277, 2024008288, 2024008379, 2024008424, o Concello de Vigo presenta unha proposta de convenio xunto coa correspondente documentación técnica, os certificados acreditativos de estar ao corrente de débedas o certificado do acordo da Xunta de Goberno Local polo que se aproba a proposta de convenio así como documentación complementaria.
- Os investimentos vinculados á proposta deste convenio atópanse definidos no proxecto de execución da obra “NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS” cun orzamento base de licitación, máis IVE, de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10€), asinado dixitalmente en data 02/04/2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 05/04/2024.
- A proposta de colaboración ascende á cantidade de VINTE E SEIS MILLÓNS TRESCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS DEZAOITO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (26.304.618,19 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra.
- A proposta de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaídos establécese nun 50% da totalidade dos custes contemplados no obxecto deste convenio



sobre o total de 26.304.618,19€, comprometéndose así, a Deputación de Pontevedra a achegar a contía de TRECE MILLÓNS CENTO CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS NOVE EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (13.152.309,09€), repartidos do seguinte modo:

Exercicio 2024	2.600.000,00€
Exercicio 2025	5.276.154,54€
Exercicio 2026	5.276.154,55€
Total	13.152.309,09€

E, quedando o pagamento condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais da Deputación de Pontevedra para ditas anualidades.

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. A estes efectos a proposta de convenio infórmase pola xefa do Servizo de Cooperación. Asemade, o proxecto técnico foi supervisado polos servizos técnicos provinciais. Pola súa banda, solicítase a Intervención, logo de dar conta dos antecedentes e normativa de aplicación, a fiscalización e conformidade do expediente.
- Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo a remodelación do Estadio municipal de fútbol de Balaídos. Nova grada de Gol, na cidade de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

Consideracións Xurídicas:



Competencia:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL atribúe ás Administracións municipais competencia na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. En concordancia co anterior, a LALGA ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu artigo 80.2.n) que exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47^a e 48^a de execución do Orzamento provincial para o vixente ano, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que os convenios de



colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria nas aplicacións 24/942.3420.762.58.2023 e 24/942.3420.762.58 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.



CONCLUSIONES

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento e a execución das obras necesarias para levar a cabo o proxecto de Remodelación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos. Nova grada de gol.

Neste senso, os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuidade das actuacións do proxecto de Remodelación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos. Nova grada de gol”.

RÉXIME COMPETENCIAL

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16^a.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ao Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLRFL.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: LRUFKWGCQPUHNXFR) e da Intervención Provincial (CSV: KH1EW3FNWUL5CWB2) e do ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias de



data 24/05/2024 (CSV: D6GKAEG5XDJL7X9T), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a continuidade das actuacións do proxecto de Remodelación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos. Nova grada de gol”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

En Vigo a data de ____ de _____ de 2024

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- No ámbito deportivo e no marco do proxecto de modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo unha proposta de colaboración conxunta, no ámbito das súas propias competencias e de acordo cos principios de cooperación económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común regulados no



marco da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; colaboración que se iniciou coa sinatura, en data de 08/07/2015, do «Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a realización das obras de Remodelación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos».

III.- En relación ás últimas actuacións, cabe destacar o convenio asinado no mes de maio de 2021, para a continuidade das actuacións do proxecto de “Remodelación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos”, o cal no seu obxecto identifica as actuacións de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIIDOS na cidade de Vigo en relación ós proxectos das gradas de “Marcador” e “Gol”.

O citado convenio posibilitou a finalización da grada de MARCADOR, e en relación ó proxecto da grada de GOL, o convenio vén a indicar que *“o Concello de Vigo desenvolverá as xestións oportunas en cumprimento das súas obrigas para finalizar a proposta da NOVA GRADA DE GOL, co obxecto de poder planificar a súa execución e unha vez finalizado o proxecto definitivo ambas institucións comprométense a estudar o compromiso de adecuación financeira correspondente a este convenio e sempre no marco dunha financiación conxunta do 50 %, as posibilidades da súa execución”*.

IV.- Atopándose pechada a proposta do proxecto da NOVA GRADA DE GOL, unha vez incorporado ó mesmo as observacións realizadas polo Real Club Celta de Vigo, procede propoñer a continuidade da colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, mediante a sinatura dun novo convenio, co obxecto de establecer as pautas de colaboración entre ambas Administracións para dar continuidade á realización das obras de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIIDOS na súa fase final en relación ó proxecto da NOVA GRADA DE GOL.

V.- Que o artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas dos equipamentos deportivos dos concellos da provincia.

VI.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



VII.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar o presente convenio de colaboración de referencia co obxecto de proceder a dar continuidade ás actuacións para a REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS. NOVA GRADA DE GOL, conforme taos seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras que posibiliten a finalización das actuacións de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIÓDOS na cidade de Vigo en relación co proxecto “NOVA GRADA DE GOL”.

Os investimentos vinculados ao presente convenio atópanse definidos no proxecto de execución da obra “NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS” redactado por un equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10€), asinado dixitalmente coa data do 2 de abril de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 05.04.2024 no expediente 4865-443.

Así mesmo o alcance das obrigas económicas deste convenio terán en conta como custes asociados á obra, aquelas asistencias técnicas vinculadas ás direccións de obra e coordinación de seguridade e saúde.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de VINTE E SEIS MILLÓNS TRESCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS DEZAOÍTO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (26.304.618,19 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO “DA NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”	25.642.713,10€
COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO DE BALAIÓDOS	181.283,41€



ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÍDOS"	480.621,68€
Importe total destas actuacións:	26.304.618,19€

2.- **A obriga de financiación** para cada unha das administracións en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaídos establécese nun 50 % da totalidade dos custes contemplados no obxecto deste convenio sobre o total de 26.304.618,19 €.

3.- **Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:**

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos neste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE GOL, a contía de TRECE MILLÓNS CENTO CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS NOVE EUROS CON NOVE CENTIMOS (13.152.309,09 €).

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra será financiada con cargo ós créditos da aplicación 24/942.3420.7962.58 e de acordo coas seguintes anualidades:

Exercicio 2024	2.600.000,00€
Exercicio 2025	5.276.154,54€
Exercicio 2026	5.276.154,55€
Total:	13.152.309,09€

O pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais da Deputación de Pontevedra para ditas anualidades.

4.- **Obrigas económicas para o Concello de Vigo:**

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos neste convenio en relación á execución das actuacións para a NOVA GRADA DE GOL, a contía de TRECE MILLÓNS CENTO CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS NOVE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (13.152.309,10 €).

Exercicio 2024	300.000,00€
Exercicio 2025	6.426.154,55€
Exercicio 2026	6.426.154,55€
Total:	13.152.309,10€

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para os anos 2025 e 2026.



5.- Non obstante, calquera variación das anualidades da execución previstas, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- Como continuidade das actuacións xa iniciadas sobre a obra da nova grada de GOL o Concello de Vigo lle comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento das obras, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.



O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do ou da Director/a de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO



As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaídos establécese nun 50 % da totalidade dos custes contemplados no obxecto deste convenio sobre o total dos 26.304.618,19 €. Polo cal a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 13.152.309,09 €, determínase como achega finalista ao convenio das actuacións no marco da NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS, aportando o Concello de Vigo a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución das obras previstas tiveran un custe inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.



Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00€.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS



As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.



- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de 36 meses, contados desde a súa formalización, incluíndo o prazo para a xustificación unha vez finalizadas todas as actuacións do convenio.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2027.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.
- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se



conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O alcalde-presidente do Concello de Vigo, Abel Caballero Álvarez

A secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, Susana Gallardo Fariña

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López Diéguez

O secretario xeral da Deputación de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay ”

- Facultar á Presidencia para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello de Vigo, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia e o Gabinete de Prensa.

10.8204.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE LALÍN DE VARIOS TREITOS DAS ESTRADAS PROVINCIAIS EP-6001 LALÍN-BOTOS-GRESANDE, EP-6002 BOTOS-MOURISCADÉ-A XESTA E RAMAL, EP-6006 BERRES-PALMOU E EP-6009 LALÍN-RODO-BRÁNTEGA (EXPTE. 2021018624)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVkJzZMtdODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=2741>

Retírase da orde do día asunto relativo ao cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Lalín de varios treitos das estradas provinciais EP-6001 Lalín-Botos-Gresande, EP-6002 Botos-Mouriscade-A Xesta e Ramal, EP-6006 Berres-Palmou e EP-6009 Lalín-Rodo-Brántega.

11.8205.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR**



**ENTREGA AO CONCELLO DE MOS DE DOUS
TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA PROVINCIAL
EP-2601 MOS-PUXEIROS (EXPTE. 2021060054)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVvKzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=2844>

Retírase da orde do día asunto relativo ao cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Mos de dous treitos antigos da estrada provincial EP-2601 Mos-Puxeiros.

12.8206.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR (PP)
PARA SOLICITAR AO MINISTERIO DE
TRANSPORTES E MOBILIDADE SOSTIBLE A
LIBERALIZACIÓN E ESTABLECEMENTO DA
GRATUIDADE DE PEAXES DA AP-9 NO TREITO
PONTEVEDRA-CURRO (EXPTE. 2024033475)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVvKzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=2846>

Visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 24 de maio, así como a aceptación por parte do Grupo Provincial Popular (PP) da emenda “in voce” do BNG, de que se suprima da mesma unha parte do texto que se atopa ao final do parágrafo sétimo co seguinte contido “.... e facendo innecesario un millonario investimento na mal denominada Variante de Alba, que cómpre lembrar que é un proxecto sobre o que non existe acordo nin consenso para o seu trazado”, o Pleno acorda por unanimidade aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para solicitar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible a liberalización e establecemento da gratuidade de peaxes da AP-9 no treito Pontevedra-Curro.

O texto definitivo da Moción, tendo en conta a devandita emenda é como segue:



“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal do PP de Pontevedra vén de presentar unha proposta, substanciada posteriormente a través dunha moción aprobada por unanimidade no pleno do Concello de Pontevedra, para solicitar ao Goberno de España a liberalización e establecemento de gratuidade de peaxes na Autoestrada AP-9 no treito entre a capital provincial e Curro, no Concello de Barro.

Desde o Grupo Provincial do PP, e sen que supoña ningún menoscabo nin retroceso no noso decidido apoio á solicitude de Galicia para que se traspase toda esta Autoestrada do Atlántico á Comunidade Autónoma e se estableza a correspondente gratuidade en todo o seu percorrido, concordamos na necesidade e urxencia da liberalización deste treito na contorna da cidade de Pontevedra para que o mesmo se poida converter na circunvalación norte que precisa esta área metropolitana e que se beneficie aos milleiros de veciños da provincia que se desprazan diariamente entre o norte e o sur do noso territorio.

Por elo, respaldamos esta necesidade no eido da mobilidade para que a capital provincial recupere influencia e actividade comercial co obxectivo de seguir sumando sinerxias e facilitando alternativas aos cidadáns para que sexa máis asumible e asequible acudir ata a cidade de Pontevedra desde contornas ou comarcas como O Deza, Tabeirós-Terra de Montes, O Salnés ou Caldas.

Neste senso, e en referencia á comarca arousana, a cidade de Pontevedra cre que debería ter unha maior interrelación con este territorio pola súa proximidade, pero as dificultades de acceso actuais están a provocar que moitos veciños do Salnés acudan a facer moitas cuestións vencelladas á súa vida diaria a Santiago de Compostela no canto de acudir á súa capital provincial.

Por elo, e dado que a AP-9 é unha vía de alta capacidade, xa construída e consolidada, que pode ser empregada de xeito inmediato sen necesidade de máis investimentos e da habitual espera de anos que se produce na construción das grandes infraestruturas, desde o PP Provincial consideramos que esta liberalización é a mellor alternativa para unir territorios, neste caso a capital provincial e todas as bisbarras do norte da provincia.



E neste senso, e para facer este treito de alta capacidade máis accesible para os cidadáns e que poida ser empregado de xeito universal polos pontevedreses, cremos que é necesario que se produza a retirada e supresión das tarifas de peaxe entre Pontevedra e Curro, no Concello de Barro, xa que ademais facilitaría, entre moitas outras conexións, a da capital provincial coa vía rápida do Salnés, con todas as posibilidades que iso supón no eido do transporte e a mobilidade.

Deste xeito, entre os beneficios directos desta medida figurarían a comunicación áxil e bidireccional de Pontevedra con Sanxenxo, O Grove, Cambados, Vilagarcía de Arousa e os demais concellos do Salnés, a conexión eficiente da cidade co parque empresarial de Barro coas conseguíntes vantaxes e facilidades para as súas empresas, e a redución significativa de tráfico na estrada autonómica PO-531 Pontevedra-Vilagarcía, mellorando deste xeito a súa seguridade viaria.

Esta medida, que cremos que tería beneficios evidentes para a cidade, os concellos da súa contorna e a provincia en xeral sería similar á liberalización, acometida hai anos, dos treitos da AP-9 entre Vigo e Cangas do Morrazo e Redondela, respectivamente, cuxos traxectos son gratuítos para os seus usuarios.

E finalmente, desde o PP Provincial recalcamos que esta proposta é complementaria á demanda unánime da Comunidade Autónoma de Galicia, liderada pola Xunta e polo Parlamento galego, e que tamén respaldamos na Deputación de Pontevedra, para que o Goberno de España traspase canto antes a titularidade da Autoestrada AP-9 ao Goberno galego e estableza as medidas económicas necesarias que garantan a súa gratuidade para os usuarios, unha circunstancia necesaria e de xustiza que figuraba no incumprido pacto de investidura de Pedro Sánchez entre o PSOE e o BNG e que posteriormente foi comprometida polo PSdeG-PSOE na campaña das pasadas eleccións autonómicas sen que, tristemente e ata a data, non teñamos noticias.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:



PROPOSTA DE ACORDO

1. Reclamar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a liberalización e establecemento da gratuidade das tarifas de peaxe na Autoestrada AP-9 no treito entre Pontevedra e Curro, no Concello de Barro, para facilitar a circulación periférica na cidade e a conexión coas comarcas do norte da provincia.

13.8207.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR (PP) PARA SOLICITAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A CONVOCATORIA URXENTE DA COMISIÓN MIXTA DE TRANSFERENCIAS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O TRASPASO EFECTIVO DAS COMPETENCIAS AO ABEIRO DA LEI DE ORDENACIÓN E XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL DE GALICIA (EXPTE. 2024033477)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVWkNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=3555>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE, aprobar a moción do Grupo Provincial Popular (PP) para solicitar ao Goberno de España a convocatoria urxente da Comisión Mixta de Transferencias coa Comunidade Autónoma de Galicia para o traspaso efectivo das competencias ao abeiro da Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento de Galicia aprobou o pasado mes de xullo de 2023 a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia, a proposta da Xunta, cos votos a favor do PP e as abstencións do BNG e do PSdeG-PSOE, pero dita normativa non entrou en vigor por mor do recurso de



inconstitucionalidade presentado polo Goberno de España –nese momento en funcións– ante o Tribunal Constitucional (TC) o 10 de outubro dese mesmo ano.

Desde o Partido Popular sempre denunciámos que, con este recurso, o Goberno de España só pretendía entorpecer a competencia da Xunta de Galicia sobre a nosa costa, desbotando calquera liña de diálogo co Goberno galego e tentando introducir un clima de confrontación no período preelectoral que estaba a vivir a nosa comunidade.

En Galicia sempre tivemos claro que o noso Estatuto de Autonomía reconece, no seu artigo 27, a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de ordenación do litoral, que a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114, explicita que as rexións poderán exercer estas competencias, que os informes do Consello Consultivo de Galicia amparaban esa potestade e que o propio Tribunal Constitucional tiña establecido que non se pode excluír ás Comunidades Autónomas de exercelas en materia de ordenación e xestión da súa propia costa.

Por todo elo, desde o Partido Popular entendemos que o recurso de inconstitucionalidade presentado no seu día polo Goberno de España, e por ende baseado nos postulados políticos do PSOE, só pretendía discriminar e maltratar a Galicia, xa que se apoiaba, entre outras cuestións, na esixencia da reforma do Estatuto de Autonomía que non lle reclamou ao País Vasco malia ter a mesma redacción e por tratar de introducir un elemento de distorsión e confrontación na recta final da lexislatura autonómica e ás portas das eleccións galegas.

Así mesmo, tamén interpretamos que o Goberno de España pretendía, con este recurso, seguir interferindo na xestión do Dominio Público Marítimo-Terrestre e impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral nunha senda totalmente contraria á identidade e dinámica da costa de Galicia, amparándose nun ecoloxismo radical que non serve para protexer e preservar este territorio, tal e como leva moito tempo facendo o Goberno galego, pero que paralelamente, e contra os lexítimos intereses desta terra, aspiraba a erradicar desta franxa a centos de empresas da cadea mar-industria e a eliminar os seus milleiros de postos de traballo.



Á marxe da defensa xurídica por parte da Xunta de Galicia, o Grupo Provincial do PP de Pontevedra presentou unha moción o pasado 17 de outubro de 2023 expresando o noso rexeitamento a este recurso de inconstitucionalidade e instando ao Goberno de España a reconsiderar o mesmo e a negociar a entrada en vigor desta lei.

Dita proposta resultou aprobada no pleno ordinario da Deputación do 27 de outubro dese mesmo ano cos votos a favor do PP e do BNG malia o posicionamento en contra do PSdeG-PSOE.

Naquela sesión, desde o Grupo Provincial Socialista tivemos que escoitar textualmente, por boca do seu ex voceiro Carlos López Font, que “a lei é un desafío á Constitución”, “que as causas de inconstitucionalidade son de moito calado”, posto que afectaban a 31 artigos que supoñen o 40% da normativa, “que o Partido Popular é o da confrontación e que a Xunta actuou con falla de lealdade institucional”, “que o PP busca apoios para unha lei que sabe que era inconstitucional”, “que a lei é un erro e que se apropia de competencias exclusivas do Estado”, “que as demais comunidades autónomas aprobaron esta transferencia pola vía da legalidade” ou “que Galicia non pode asumir competencias non previstas no Estatuto e que se o 40% dos artigos son inconstitucionais é unha cifra realmente importante”.

Pero posteriormente, o 23 de abril deste 2024, o Tribunal Constitucional avalou por unanimidade a legalidade da Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia e converteu as intervencións e a postura do PSdeG-PSOE nesta cámara aquel 27 de outubro nun capítulo moi triste da súa historia por non defender, outra vez máis, os intereses da nosa provincia, e nomeadamente dos seus 24 concellos costeiros, e de toda Galicia.

Naquela sesión plenaria, o Grupo Socialista deu por bos os argumentos do Goberno de España, facendo o seu habitual seguidismo partidario, e considerou a Lei do Litoral como inconstitucional sen agardar sequera ao fallo do Alto Tribunal. Hoxe en día, máis dun mes despois, seguimos agardando a súa rectificación e tamén a petición de desculpas públicas a este pleno e aos cidadáns da provincia de Pontevedra.

Porque cómpre lembrar que a nosa provincia era a maior damnificada pola normativa de Costas, e loxicamente vai ser a maior beneficiada pola nova Lei



do Litoral de Galicia, xa que ata a data estaban en risco 1.762 edificacións emprazadas na franxa do litoral, entre as que se atopan 130 inmobles industriais e unhas 200 empresas, principalmente da cadea mar-industria, que agora van ter unha maior seguridade xurídica e unhas mellores perspectivas de futuro, mantendo, iso si, as cada vez máis esixentes accións de preservación, conservación e sostibilidade da nosa costa que rexen na nosa comunidade.

E neste senso, queremos lembrar que a Lei do Litoral afecta, de xeito directo ou indirecto, aos 674.505 veciños que residen nos 24 concellos costeiros da nosa provincia, o que supón o 71,5% do total da provincia, polo que estimamos que a nova normativa galega abre unha fiestra de tranquilidade e oportunidades, e por iso queremos que o traspaso real e efectivo das competencias se realice coa maior axilidade para que poida estar operativa canto antes e comece a estar vixente en beneficio da nosa provincia e de toda Galicia.

Por elo, desde o PP Provincial queremos demandarlle ao Goberno de España que atenda, ao prazo máis breve posible, a solicitude formal cursada pola Xunta de Galicia –aprobada polo Consello da Xunta o pasado 13 de maio– para que se convoque canto antes a Comisión Mixta de Transferencias co obxectivo de acordar o traspaso dos medios humanos e materiais para que Galicia se faga cargo da xestión do seu litoral.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Solicitar ao Goberno de España a convocatoria urxente da Comisión Mixta de Transferencias coa Comunidade Autónoma de Galicia para acordar o traspaso real e efectivo dos medios humanos e materiais que permitan a xestión propia da nosa costa por parte da Xunta ao abeiro da Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia”.

14.8208.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR (PP)
PARA SOLICITAR AO MINISTERIO DO INTERIOR
QUE COMPLETE A PLANTILLA DA GARDA CIVIL
NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTÉ.**



2024033478)

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVvNzMtODBiOS00MjEzLTIkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=4459>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a moción do Grupo Provincial Popular (PP) para solicitar ao Ministerio do Interior que complete a plantilla da Garda Civil na Provincia de Pontevedra.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Partido Popular de Pontevedra defendemos a presenza da Garda Civil en cada recuncho da nosa provincia e esixímoslle ao Goberno de España que cese na súa política de desmantelamento deste servizo co conseguinte prexuízo á seguridade dos pontevedreses. Ao mesmo tempo, manifestamos o rexeitamento ás medidas que está a adoptar o Goberno de España respecto ao mantemento e reforzo da seguridade, especialmente no que atinxe aos concellos máis rurais da provincia.

Desde o PP cremos que a Garda Civil debe ter unha forte presenza en cada un dos pobos da provincia, con especial incidencia no rural, posto que nestas contornas non hai outras alternativas como a Policía Nacional e incluso Local. E ademais o coñecemento que ten a Garda Civil do terreo e da sociedade da que forman parte é un claro expoñente e a mellor garantía para ofrecer a máxima seguridade principalmente nestas zonas do interior da provincia.

Pero fronte a estas necesidades, nos últimos tempos estamos vendo un desmantelamento da seguridade na provincia coa supresión constante dos servizos da Garda Civil por parte do Goberno de España.

Por elo, con esta moción pretendemos defender os necesarios niveis de calidade na seguridade cidadá dos nosos veciños do mesmo xeito que o resto de españois, porque cremos que os recurtes e a falla de cobertura das prazas



de axentes da Benemérita supoñen unha nova discriminación do Goberno de España coa provincia de Pontevedra.

Deste xeito, cómpre sinalar que o catálogo oficial de prazas de Garda Civil asignadas para a provincia recolle un total de 1.683 efectivos, segundo os datos do Ministerio do Interior, pero na actualidade só están ocupadas 1.582 prazas, malia incluír nesta cifra aos axentes que están de baixa ou en comisión de servizos, polo que o número de efectivos cos que conta realmente a Garda Civil na provincia é considerablemente menor.

Así mesmo, no eido da violencia machista tampouco hai axentes suficientes para protexer ás mulleres de Pontevedra, ás que cremos que hai que protexer con máis medios e cun clima de maior seguridade.

Ao respecto, os datos oficiais do Ministerio do Interior con data do pasado 30 de abril, reflicten que hai 14.765 vítimas na provincia de Pontevedra, mentres que só hai 31 policía e outros 31 gardas civís para ocuparse da súa seguridade. É dicir, de media cada axente na súa quenda ten a protección de 660 mulleres, o que supón unha cifra moi elevada que impide a axeitada atención de seguridade personalizada que precisan estes casos.

Finalmente, moitos dos cuarteis da Garda Civil da nosa provincia, sobre todo os dos municipios de menor poboación, teñen sufrido nos últimos anos unha importante merma e recorte de horarios de atención presencial á cidadanía, o que repercute de maneira moi negativa na seguridade para os veciños destes concellos. De feito, a apertura de moitos destes cuarteis limítase a unhas poucas horas en quenda de mañá apenas un par de días á semana, mentres que fóra dese horario tan reducido a prestación do servizo e a atención aos cidadáns mantense mediante internet, por vía telefónica ou pola aplicación AlerCorps, algo que consideramos totalmente incomprendible e ineficaz.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Reclamar ao Ministerio do Interior que cese nos seus recortes na plantilla da Garda Civil na provincia de Pontevedra e que dea cobertura, no prazo máis



breve posible, ás 101 prazas do catálogo oficial que están baleiras na actualidade.

2. Amosar o apoio e recoñecemento ao labor que realiza a Garda Civil na nosa provincia e solicitar ao Goberno de España que garanta o seu compromiso para manter a súa presenza en todos os cuarteis da provincia de Pontevedra e que a mesma veña acompañada da dotación de máis medios persoais e materiais para reforzar a seguridade cidadá dos pontevedreses.
3. Demandar ao Ministerio do Interior que recupere a anterior atención presencial dos pontevedreses nos cuarteis da provincia de Pontevedra, coa súa apertura alomenos en todos os días laborables, e que habilite sistemas áxiles e efectivos para poder recoller e atender as necesidades dos cidadáns ás 24 horas do día nos 61 municipios do noso territorio.”

15.8209.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA QUE RESTITÚA A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE (EXPTE. 2024033479)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVkJNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=5501>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir á Xunta de Galicia que restitúa a Secretaría Xeral de Igualdade.

16.8210.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A POSTA EN MARCHA DUN PLAN EXTRAORDINARIO PARA OS CONCELLOS DA NOSA PROVINCIA (EXPTE. 2024033480)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVkJNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=5501>



[YmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=7017](https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVkJNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=7017)

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación a posta en marcha dun plan extraordinario para os concellos da nosa provincia.

17.8211.- ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVkJNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=8660>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

18.8212.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2024 (EXPTES. 2024032701-2024029716)

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVkJNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=8662>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de abril de 2024, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 10 de maio de 2024, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da



débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de abril de 2024 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES ABRIL 2024

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Abril	5,4885406357	3.870.114,32	9,1231538527	613.093,69	5,9855861495
Escola de Enfermería	Abril	0,0000000000	0,00	26,6085037341	2.514,66	26,6085037341
Consorcio de Incendios e	Abril	17,7886080633	63.705,41	0,0000000000	0,00	17,7886080633



Salvamento						
Consortio Deza Tabeirós	Abril	8,8348412800	21.160,13	12,9230183000	6.545,19	9,8006447917
TOTAL			3.954.979,86		622.153,54	6,1842854919

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 24 de maio de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

19.8213.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2024003965 DE DATA 13 DE MAIO DE 2024 RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PROVINCIAL 2024 DERIVADO DAS PROPOSTAS E RECOMENDACIÓNS REFERIDAS NO INFORME RESUMO DA INTERVENCIÓN DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO 2023 (EXPTES. 2024032708-2024030922)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVvNzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=8671>



O Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión extraordinaria do día 2 de abril de 2024, tomou coñecemento do informe elaborado pola Intervención, con data 8 de marzo de 2024, correspondente o resumo do control interno do exercicio 2023, no que figuraban unha serie de propostas de medidas de corrección e melloras.

O artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, establece que lle corresponde á Presidencia da entidade a formalización dun plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe da Intervención.

Por Resolución Presidencial número 2024003965, de data 13 de maio de 2024, resolveuse aprobar o Plan de Acción Provincial derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2023, cuxo contido é o seguinte:

“O Presidente en virtude das competencias legalmente atribuídas, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto o informe resumo dos resultados de control interno no exercicio 2023 elaborado pola Intervención Provincial en data 08/03/2024 e a proposta de medidas de corrección e mellora incluídas no referido informe.

Considerando que segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017 corresponde á Presidencia da entidade a formalización dun plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe da Intervención.

Á vista do exposto, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o Plan de acción 2024 de conformidade co seguinte:

PLAN DE ACCIÓN PROVINCIAL 2024 DERIVADO DAS PROPOSTAS E RECOMENDACIÓNS REFERIDAS NO INFORME RESUMO DA



INTERVENCIÓN DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO 2023 (EXPTE.: 2024030922).

I. Consideracións xerais.

Segundo o disposto nos artigos 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 37 do Real Decreto 424/2017, o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do exercicio da función de control interno, nas modalidades de función interventora, función de control financeiro, incluída a auditoría de contas das entidades que se determinen regulamentariamente, e función de control de eficacia. Dito informe será obxecto de dación de conta ao Pleno e remisión a IGAE no primeiro cuadrimestre de ano.

No prazo de tres meses desde a dación de conta ao Pleno do informe resumo, a Presidencia da Corporación elaborará un plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros ou incumprimentos que se poñan de manifesto no informe (artigo 37 do Real Decreto 424/2017).

Con data 8/03/2024 emitíuse o Informe resumo da Intervención Provincial dos resultados do control interno no exercicio 2023 (con dación de conta ao Pleno en sesión ordinaria de data 02/04/2024 e remisión a IGAE o 14/03/2024).

Tomando como base as conclusións e recomendacións recollidas no Informe da Intervención elabórase o presente plan de acción.

Como se sinalou nos plans anteriores, a formulación do plan de acción debe adecuarse a criterios realistas, de xeito que a súa formulación vén necesariamente condicionada polo prazo de execución real, que abrangue desde a data de aprobación do plan ata finais de ano, e polos medios dispoñibles. Así mesmo, a elaboración do plan debe encadrarse nun escenario plurianual que permita dar continuidade ás actuacións iniciadas en plans anteriores, e incrementar o ámbito de actuación a medida que se vaian cumprindo fitos e obxectivos, de xeito que se acade unha planificación coherente e, aínda que con esforzo, realizable.

Por Resolución Presidencial do 19/07/2021 (con dación de conta ao Pleno en sesión de data 30/07/2021) aprobouse o primeiro plan de acción provincial. O plan de acción 2021 articulouse en torno a un obxectivo prioritario que é a modernización da xestión económico–financeira e patrimonial da Deputación



de Pontevedra, como peza clave para acadar da maneira máis eficiente e coas maiores garantías a implantación dunha administración electrónica avanzada, e plenamente integrada. Esta actuación deseñouse nunha programación plurianual estruturada en tres etapas, unha primeira de planificación, deseño e elaboración dos documentos preparatorios da contratación dos novos sistemas. Unha segunda, de contratación e implantación do modelo, e unha terceira de posta en marcha dos novos sistemas de información.

No 2023 iniciáronse os traballos de revisión, parametrización e integración dos novos sistemas de contabilidade e xestión patrimonial, con previsión de remate destes traballos e migración e arranque nos novos sistemas antes da finalización do primeiro semestre do 2024, de xeito que o peche de exercicio e liquidación desta anualidade poida realizarse na nova aplicación.

A correcta execución destas actuacións neste exercicio permitirá o cumprimento desta actuación plurianual, dando paso á definición e proposta de novas actuacións.

Á vista do exposto e sen prexuízo do interese na totalidade de propostas de actuacións da Intervención, propoñemos novamente unha planificación centrada na finalización da última fase do proxecto iniciado nos plans anteriores, así como a posta en marcha de actuacións no ámbito da ciberseguridade. Neste sentido, polo seu carácter global e transversal, e pola importancia tanto no cumprimento da legalidade como de cobertura de riscos e fiabilidade dos sistemas, e de acordo coas recomendacións da Intervención provincial e do Consello de Contas, inclúese neste plan de acción o inicio das actuacións correspondentes para certificación no Esquema Nacional de Seguridade de xeito que se acade o cumprimento das obrigas legais nesta materia.

A non inclusión no Plan de acción das restantes actuacións propostas pola Intervención non obstan ao seu impulso e posta en marcha na medida en que as disponibilidades de medios e o avance na execución deste Plan o permita.

II. ACTUACIÓNS PROPOSTAS.

1. Obxecto: Modernización da xestión económico–financeira e patrimonial da Deputación Provincial de Pontevedra

Unha das principais recomendacións dos informes resumo do control interno elaborados pola Intervención Provincial dos últimos anos refírese á necesaria modernización e implantación dunha tramitación administrativa integral, eficiente e plenamente integrada ou interrelacionada.



Unha limitación importante para a consecución deste obxectivo, vén dada polas propias limitacións do actual programa contable, superado polas esixencias actuais, o que limita a implantación dunha xestión electrónica integrada e ralentiza a xestión.

O programa contable configúrase como unha ferramenta base e fundamental para cumprimento das esixencias legais e adecuado funcionamento da organización. O orzamento provincial é un elemento clave e indispensable nas entidades públicas, a súa elaboración, execución e peche van indisolublemente ligadas á contabilidade. Así mesmo, non debemos perder de vista a inxente cantidade de información a comunicar a outras Administracións cuxa información obtense principalmente da contabilidade (entre outros, comunicación do Orzamento, morosidade e período medio de pagos, execución trimestral, liquidación ou rendición das contas). De xeito que dispoñer duns sistemas que permitan dar cumprimento as obrigas legais dunha maneira máis eficiente, con maior seguridade, transparencia e integración coas aplicacións de xestións e con outras Administracións configúrase como unha esixencia do proceso de modernización.

Unha vez realizado o deseño xeral destes sistemas e adxudicado o contrato, o plan de acción 2024 centrarase na finalización dos traballos de implantación, incluíndo as tarefas de parametrizacións, integracións, migracións e formación do persoal no manexo do novo sistema contable e patrimonial, de xeito que o peche e liquidación deste exercicio poida realizarse nos novos sistemas.

2. Planificación estratéxica.

A actuación proposta configúrase como un proceso complexo para a organización, tanto desde un punto de vista económico como de implementación, polo que debe abordarse de xeito global, integrado e con perspectivas de futuro.

No primeiro plan de acción provincial planteouse unha planificación estratéxica ou a medio prazo, que condicionou a elaboración dos sucesivos plans de accións provinciais.

2.1. Programación da actuación:

Unha vez executadas as fases de planificación e contratación dos sistemas, cómpre abordar neste exercicio a última etapa do proxecto, que abrangue a finalización dos traballos da segunda fase planificada e execución da terceira:

- 1ª fase: Determinación do ámbito material do proxecto. Planificación das actuacións para implantación do modelo de xestión patrimonial. Elaboración dos pregos reguladores da contratación.



- 2ª fase: Contratación. Personalización e deseño do modelo. Actuacións de implantación e formación.
- 3ª fase: 2024. Posta en marcha dos novos sistemas de información.

A 1ª fase foi executada nos anos 2021 e 2022. Con data 14/04/2023 adxudicouse á entidade T-Systems o contrato para subministro, implantación e mantemento do novo sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra (expediente 2022070144). En setembro do 2023 iniciáronse as tarefas de implantación dos novos sistemas, procedendo á revisión dos mesmos, co estudo e deseño das parametrizacións e integracións necesarias cos xestores de datos, aplicacións e sistemas concorrentes. Así mesmo, levarase a cabo o estudo e definición dunha primeira versión do proxecto de contabilidade analítica e implementación do sistema de xestión patrimonial.

Unha vez finalizado o proceso de implantación e migración, levaranse a cabo as formacións correspondentes adaptadas aos distintos perfís de usuario. Si ben o arranque da contabilidade prevese realizar a mediados do exercicio, será necesario continuar cos traballos de revisión e/ou redefinición dos circuítos e procedementos, resolución de incidencias e formación, así como posta en marcha do sistema de xestión patrimonial debidamente integrado coa contabilidade e implantación do módulo de contabilidade analítica, segundo o modelo que se defina.

No que atinxe ao módulo de xestión patrimonial prevese a súa entrada en funcionamento neste exercicio. A estes efectos executarase a migración de datos ao novo sistema, debendo realizarse as actuacións de parametrización de acordo cas directrices dos manuais de xestión, con execución do enlace contable- patrimonial e formación do persoal encargado das altas, que con carácter xeral, prevese abordar de xeito descentralizado.

Así mesmo, procederase ao estudo, definición e implantación dun primeiro modelo de custes, de carácter básico, pero que permita dar cumprimento as esixencias legais nesta materia, sen prexuízo de que en vindeiros exercicios, e de acordo coa dispoñibilidade de medios, se leve a cabo unha revisión e perfeccionamento do modelo inicial.

2.2. Participación na implantación do proxecto.

Como en plans anteriores, o proxecto dirixirase e coordinarase pola Intervención e o Servizo de Novas Tecnoloxías, coa participación do persoal da área de Patrimonio na dirección e execución do sistema de xestión patrimonial.



Non en tanto, e na mesma liña do advertido en plans anteriores, resulta fundamental buscar unha implicación global nesta última fase, probablemente a que máis rexeitamentos poida xerar polo incremento da carga de traballo que un proceso de esta envergadura supón para as persoas que manexan os sistemas durante o período de transición.

3. Definición das actuacións do Proxecto a incluír no Plan de acción 2024.

Sen prexuízo da programación plurianual da actuación global, o plan de acción ten un carácter anual, de xeito que as actuacións a incluír no plan de acción 2023 respecto deste proxecto se corresponden coa finalización da segunda fase, de conformidade co seguinte:

3.1. Obxecto:

De acordo coa revisión da planificación global, o Plan de acción 2024 deberá incluír as seguintes actuacións:

- Execución dos traballos de implantación e migración da contabilidade na entidade provincial así como nas entidades adscritas e/ou dependentes.
- Definición do modelo de contabilidade analítica.
No que atinxe á contabilidade analítica, considerando a inexistencia dun modelo previo, abordarase no exercicio 2024 o deseño do modelo inicial que permita dar cumprimento ás esixencias da normativa contable. O modelo porase en marcha neste exercicio.
- Implantación do sistema de xestión patrimonial.
Respecto do módulo de xestión patrimonial, procederase ao seu deseño e configuración, parametrización de acordo cos manuais de xestión patrimonial aprobados por esta Deputación, migración de datos e definición do modelo de xestión, finalizando os traballos coa integración do sistema coa contabilidade.
- Actuacións de formación e posta en marcha.

3.2. Coordinación e dirección das actuacións.

O proceso coordinarase pola Intervención Provincial e o Servizo de Novas Tecnoloxías, baixo a dirección da Viceinterventora e o Xefe do negociado de programación, sen prexuízo da colaboración doutros servizos nas distintas actuacións programadas. As actuacións respecto ao módulo de patrimonio, coordinaranse polo Técnico de xestión patrimonial.

3.3. Prazo de execución

As actuacións incluídas no Plan de acción 2024 executaranse no período comprendido desde a data de aprobación ata o 31/12/2024.



Cómpre destacar que, si ben a execución das actuacións definidas, supoñen a finalización do proxecto a efectos do Plan de acción, existen outras actuacións de carácter necesario que, relacionadas co proxecto, poderán ser obxecto de previsión independente no vindeiro Plan, como é a revisión do Inventario (actualización e conciliación coa contabilidade) desta Deputación así como, no seu caso, das entidades adscritas e/ou dependentes.

4. Avance e inicio das actuacións en materia de ciberseguridade

Neste exercicio prevese o inicio das actuacións correspondentes para acadar a certificación no Esquema Nacional de Seguridade.

Así mesmo, comezarse a estudar a planificación das actuacións correspondentes para a consecución dun grao de cumprimento medio-alto en materia de ciberseguridade, con deseño dun cronograma de actuacións, actividades de formación e, adquisición ou implantación de novos software.

Esta actuación será dirixida e executada polo Servicio de Novas Tecnoloxías, sen prexuízo da colaboración que resulte precisa dos diferentes centros xestores e da participación da Secretaría e Intervención, aos que darase conta da planificación e grao de execución do proxecto.

Sen prexuízo destas actuacións iniciais, o proxecto global poderá ser obxecto de definición e programación no próximo Plan de acción.

Segundo. Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Terceiro. Dar traslado da presente Resolución á Intervención para valoración e seguimento dos resultados das medidas correctoras implantadas para mellora de xestión económico – financeira desta entidade.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 24 de maio de 2024 tomou coñecemento do contido do Plan de Acción Provincial 2024 derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2023 e que foi aprobado por Resolución Presidencial número 2024003965 de data 13 de maio de 2024.

De conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, o Pleno queda enterado do contido da



Resolución Presidencial número 2024003965, de data 13 de maio de 2024, pola que se aproba o Plan de Acción Provincial 2024 derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2023.

20.8214.- **DAR CONTA DO INFORME DO CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONS CONCEDIDAS NO EXERCICIO 2021 (EXPTES. 2024032710-2023035393)**

Acceso ás intervencións: `

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ODA3YWVvKzMtODBiOS00MjEzLTlkYmItNjE0ZTZhZDQ3M2U3&start=8689>

A Intervención elaborou un informe sobre o control financeiro iniciado no ano 2023 sobre subvencións concedidas no exercicio 2021, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 15 de maio de 2024, onde se deixa constancia do seguinte:

**INFORME DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONS
2021.**

1. INTRODUCCIÓN.

O presente informe refírese ao traballo de control financeiro de subvencións concedidas no exercicio 2021.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, dentro dos cales se pode encadrar a actividade de control financeiro das subvencións. Este vén esixido polo artigo 44 da Lei que, no seu apartado 3, establece que a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións lle corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado...; así mesmo, na Disposición adicional 14^a establécese que os procedementos regulados nesta Lei se adaptarán regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais.



No que se refire á competencia para exercer o control financeiro das subvencións, a disposición adicional décimo cuarta da Lei Xeral de Subvencións establece que “a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes lles corresponderá aos órganos ou persoal funcionario que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións referidos nos artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”.

Este informe ten por obxecto informar das actuacións de control financeiro en materia de subvencións planificadas e executadas, grao de cumprimento do Plan, resultado das actuacións, conclusións e formular as recomendacións correspondentes.

Como en exercicios precedentes, no 2021 as subvencións sometíanse ó control de fiscalización previa dos expedientes de concesión e de xustificación. O control financeiro non se estaba realizando na súa integridade xa que a comprobación da aplicación das subvencións consiste na revisión da documentación remitida polas entidades e persoas beneficiarias e cando se trata de axudas para a realización de investimentos, nalgúns casos, realízase a inspección física e verifícase que a xefatura do servizo, que tramitou o expediente da subvención, elaborou un informe sobre o cumprimento da súa finalidade.

Dentro do marco do control financeiro de subvencións se levaron a cabo dous tipos de traballos, por unha banda un Control Financeiro Pleno, e outro co obxectivo de comprobación do período de adscrición das subvencións cuxa finalidade sexa o financiamento de bens inventariables.

O criterio de selección de expedientes atende aos criterios de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que se fixo a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento directo que superen os 11.999,99 €, e nominativo que superen os 19.999,00 € dado que son os de maior volume económico, é onde se concentra máis risco de incumprimentos en función dos traballos de exercicios precedentes, resultando seleccionados 13 expedientes de subvenciones nominativas e un directo.



Adicionalmente se seleccionaron mediante sorteo 13 expedientes de subvencións concedidas por concorrencia competitiva que superen o importe de 6.000,00 €, ata acadar o 10 % dos concedidos por centro xestor.

En referencia á comprobación de subvencións de inversións o importe mantense nos 10.000,00 € como nos exercicios anteriores, resultando seleccionados 28 expedientes.

2. OBXECTIVOS.

Os traballos de Control Financeiro Pleno das subvencións concedidas no exercicio de 2021, tiveron coma finalidade fundamental verificar:

- A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte do beneficiario.
- O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das obrigacións de xestión e aplicación das subvencións.
- A adecuada e correcta xustificación das subvencións por parte dos beneficiarios e entidades colaboradoras e a consecución do obxecto da subvención.
- A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polos beneficiarios e colaboradores, foron financiadas coa subvención.
- O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.
- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polos beneficiarios, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.

Este control a posteriori realízase mediante a técnica de auditoría pública.

Sobre as actuacións de control, estas consisten en:

- O exame de rexistros contables e estados financeiros que as soportaban.
- Operacións individualizadas relacionadas ou que afectasen ás subvencións concedidas.



- A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con estas.
- A comprobación material dos investimentos financiados.
- As actuacións concretas de control que se debían realizar conforme á normativa reguladora.

Polo que se refire ás actuacións de comprobación do período de adscrición, estas consisten en:

- O exame da conta xustificativa.
- A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.
- Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.
- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.
- Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.
- Inspección física, emitíndose informe sobre a comprobación in situ da referida adscrición.

3. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

3.1. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

O Control financeiro en materia de subvencións executouse de conformidade co Plan Anual. Este control iniciouse no exercicio 2023 sobre as subvencións concedidas no ano 2021 xa que na data de realización dos traballos deben estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción dun maior control e conseguinte redución de risco, excluense aquelas axudas correspondentes



con Plans e Programas que se executan conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta. Adicionalmente se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente independentemente do seu resultado, coa finalidade de ir ampliando o número de entidades beneficiarias de subvencións.

Como consecuencia o detalle da mostra a traballar queda do seguinte xeito:

	MAIOR DE 19.999,99 €		MAIOR DE 11.999,99 €	
	NOMINATIVA		DIRECTAS	
SELECCIÓN	13	504.400,00 €	1	12.000,00 €
TOTAL	45	906.363,00 €	1	12.000,00 €
COBERTURA	28,89 %	55,65 %	100,00 %	100,00 %

Serán obxecto de Control Financeiro 14 expedientes, os 13 de subvencións nominativas e 1 de directas.

Por outra banda se seleccionaran por sorteo 13 expedientes concedidos en concorrencia competitiva, ata acadar o 10 % dos concedidos por centro xestor, o seu detalle a sortear é:

CENTRO XESTOR	EXP.	10%
COHESIÓN SOCIAL E XUVENTUDE	11	1
CULTURA	19	2
DEPORTES	97	10
	127	13

A selección por mostreo fíxose utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procedendo, mediante a función aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedemos a buscar, dentro este rango de números aleatorios asignados, os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencións que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.



Adicionalmente se incluírán no programa de traballo aqueles expedientes que de forma motivada se propoñan por os diferentes Centros Xestores da Deputación, indicando aqueles incumprimentos que ao seu criterio se puidesen producir. Asemade, de aqueles expedientes que no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan.

A determinación dos expedientes a revisar que a inversión continúa adscrita o obxecto para que foi concedida, se fará sobre aquelas subvencións concedidas por importe igual ou superior a 10.000,00 €.

